

Unidade didáctica 1

Mustang (2015) Deniz Gamze Ergüven

Marta Pérez Pereiro /Marta Rodríguez Castro



FICHA TÉCNICA

Título orixinal: Mustang

Ano: 2015

Duración: 97 min.

País: Francia

Dirección: Deniz Gamze Ergüven

Guión: Deniz Gamze Ergüven, Alice Winocour

Música: Warren Ellis

Fotografía: David Chizallet, Ersin Gök

Reparto: Günes Sensoy, Doga Zeynep Doguslu, Tugba

Sunguroglu, Elit Iscan, Ilayda Akdogan, Nihal G. Koldas,

Ayberk Pekcan

Productora: Coproducción Francia-Turquía-Alemania; CG Cinéma

Vistamar Filmproduktion / Uhlandfilm / Bam Film

Xénero: Drama | Familia. Adolescencia

Sinopse: Despois dun xogo inocente cos compañeiros de clase ao


Inicio do verán, a vida de cinco irmás orfas dunha aldea muda

radicalmente. Desgustados pola suposta inmoralidade das

rapazas, a súa avoa e o seu tío deciden tomar medidas para

garantiren a virxindade e pureza das cinco irmás e organizar o

seu futuro como esposas.



"En *Mustang*, unhas irmás turcas enfróntanse á tradición", Nicolas Rapold, *The New York Times*

Chea de vida malia amosar vidas confinadas, *Mustang* é a marabillosa opera prima de Deniz Gamze Ergüyen sobre cinco irmás na Turquía rural. Confinadas na casa da súa avoa, as rapazas rebélanse contra a perda das súas liberdades nunha historia que se fundamenta en risos e lágrimas, e, sobre todo, na forza resiliente destas rapazas contra restricións desalentadoras.

O suposto pecado de Lale, a narradora, e das súas catro irmás -todas elas adolescentes- foi rebuldar cuns rapaces na Praia o derradeiro día da escola. A súa ofensa real é seren rapazas con espíritus independentes e irreprimibles nunha cultura patriarcal. A ansiosa avoa e o tío que mira polas irmás prohíbenlles deixar a casa e convirten o lugar nunha "fábrica de esposas". Lale, Nur, Ece, Selma e Sonay persisten en fuxir para ver un partido de fútbol e aos rapaces, pero os muros seguen pechándoas. Un médico realiza as probas de virxindade, colócanse barrotes nas xanelas, convidan aos maridos futuros a tomar o té.

Ergüyen, que naceu en Turquía, crea unha habelenciosa temporalidade e mostra unha apreciación pola beleza na historia pola que non pide desculpas, cualidades que non aparecen noutros retratos máis esquemáticos sobre conflitos coa tradición, en Turquía ou noutros lugares. O traballo de cámara, lixeiro coma unha pluma, de David Chizallet e Ersin Gök casa ben co guión áxil da propia Ergüyen e Alice Winocour. O conxunto de actrices mozas é unha presenza constante e inqueda, nunha perspectiva filtrada sobre todo polo atrevemento de Lale pero tamén pola relación afectuosa entre todas elas.

O encerro convírtese nunha conta atrás ata que as rapazas casen ou vaian a peor, aínda que Ergüyen tamén amosa que o matrimonio pode ser feliz cando implica certa posibilidade de escolla. A xente de fóra da familia emerxe tamén como un oasis de actitudes modernas e un plan de fuxida. Pero o heroísmo das rapazas consiste en seren elas mesmas e en faceren barullo contra os desexos da sociedade que as rodea.



OBXECTIVOS DA UNIDADE DIDÁCTICA

- Aprender a igualdade a partir dun relato de desigualdade.
- Comprender como a cultura e as tradicións condicionan a vida afectiva e profesional das mulleres. Analizar os roles de xénero que implican estas tradicións.
- Comprender a importancia do concepto de “sororidade” como un modo de solidariedade.
- Analizar os roles profesionais no cinema e as diferenzas entre homes e mulleres nesta industria.
- Aprender a analizar a linguaxe cinematográfica.

A IMPORTANCIA DO LUGAR

A historia que conta Mustang acontece nunha aldea no Norte de Turquía na que persisten tradicións culturais que limitan a liberdade económica e afectiva das mulleres.

Actividade co alumnado:

- Describe a zona na que transcorre a acción: persoas, actividades económicas, situación política, etc.
- Pensa en lugares que coñeces que puideran parecerse a este.
- Que diferenzas cres que hai para as mulleres que viven no rural ou na cidade?
- Cres que as mulleres na cidade poden ser mais libres?





OS PERSONAXES

Proposta de actividade co alumnado:

- Describe os personaxes principais: o seu físico e principais rasgos de personalidade.
- Cal é o teu personaxe favorito e por que?
- Cres que a avoa das rapazas podería actuar doutro xeito?
- Pensa nos personaxes masculinos do filme: hai algún que se comporte ben coas rapazas?



O FILME

Actividade para o alumnado:

- Coñeces moitas directoras de cinema?
- Que cres que aporta que haxa mulleres no equipo técnico dun filme?
- As cinco actrices principais non son profesionais: cres que pode ser algo importante para contar unha historia?

O QUE DI DENIZ GAMZE ERGÜVEN

Frases da directora para debater na aula

“Mustang non é unha **historia de verdade** pero a situación é **real**”

“Pensei nas cinco rapazas coma un **único personaxe** con cinco cabezas. Tiñan que ser coma una especie de **hidra** e actuar como un corpo único que respira e vive”

“Os filmes teñen un xeito de traballar coa **audiencia** sen que que esta sexa completamente consciente. Mustang pode xerar **empatía** potencial coas rapazas por parte dos espectadores”.

“Un filme non é un elemento aillado no espazo, suponse que di algo sobre a **realidade**”.



Everything changed in a blink of an eye.